

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE ESCOLA DA
ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA DE CAMIÑOS,
CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CELEBRADA
O XOVES DÍA 18 DE SETEMBRO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Xunta de Escola da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 12:54 horas do xoves día 18 de setembro de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Solicitud de la Secretaría Xeral de Universidades en relación co Grao en Enxeñaría Civil.

ASISTEN:

Persoal académico

Álvarez García, Julia
Baldomir García, Aitor
Barrientos Rodríguez, Víctor
Carro López, Diego
Colominas Ezponda, Ignacio
Delgado Martín, Jorge José
Díaz García, Jacobo Manuel
Dominguez Pérez, Xabier Eduardo
Eiras López, Javier
Fontán Pérez, Arturo Norberto
Galán Díaz, Juan José
Jurado Albarracín Martinón, José Ángel
Martínez Abella, Fernando
Montenegro Pérez, Luís
Navarrina Martínez, Fermín Luis
Nogueira Garea, Xesús Antón
Novales Ordax, Margarita
Orro Arcay, Alfonso

París López, José
Pena Mosquera, Luís
Pérez Pérez, Ignacio
Puertas Agudo, Jerónimo
Ramírez Palacios, Luis
Rodríguez Pasandín, Ana María
Romera Rodríguez, Luis Esteban
Taboada Vázquez, Raquel
Vázquez González, Ana María
Couceiro Aguiar, Iván

Estudantes

Arnos Caamaño, Alejandro
Attouch Bayoud, Khadija
Díaz Blanco, Carlos
García Álvarez, Jaime
Gómez Pasandín, Carla
López Alfonso, Héctor
Montes Lago, Daniel
Rego Sapena, Pablo
Rodríguez González, Ainhoa
Seisdedos García, Irene
Suárez Vega, Raúl Ernesto
Villaverde Mourinho, Ismael

PTXAS

Cruz Viqueira, María del Pilar
Recarey Buño, María José
Roel Vilas, María del Pilar
Vázquez González, Julia
Villar Arévalo, Javier

Código Seguro De Verificación	R3V5MQgPub4rqqXKdjv8Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:02
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canaís e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:25
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R3V5MQgPub4rqqXKdjv8Cw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



EXCUSAN:

Persoal académico

Anta Álvarez, José
Cea Gómez, Luis
Fuentes García, Luis
González Fonteboa, María Belén
Jácome Burgos, Juan Alfredo
Martínez Lage, María Isabel
Nieto Mouronte, Félix
Peña González, Enrique
Varela García, Francisco Alberto
Vasallo Rapela, Alejandro Manuel
Fernández Ruíz, Jesús
Sande González-Cela, José

Estudantes

Franco Figueira, Alberto
Vázquez-Pena Romero, Jaime
Villaverde Rodríguez, Brais

PTXAS

Franco Trillo, Alicia

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.

1) Solicitude da Secretaría Xeral de Universidades en relación co Grao en Enxeñaría Civil.

Toma a palabra Luis Ramírez que explica que xunto á convocatoria enviouse aos membros da Xunta de Escola un documento da Secretaría Xeral de Universidades solicitando aclaracións ou información adicional dirixido á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización o 24/7/2025. Na Vicerreitoría

non foron conscientes do requirimento ata unha reunión que tiveron o 3/9/2025 coa Secretaría Xeral de Universidades. O documento foi remitido á Dirección da Escola o día 4/9/2025 xunto con documentación de renovación dos selos EUR-ACE, e emprazáronnos a unha reunión co vicerreitor. Explica que o día 8/9/2025 tivo unha conversa telefónica co vicerreitor, acordando reunirse o día 12, aínda que por problemas de axenda se tivo que pospoñer ata o próximo luns 22/9/2025. De momento non se requiriu ningún informe, só se nos pediu a opinión. Nesta Xunta de Escola preténdese informar e recadar a opinión a respecto das dúas cuestións que plantexa o documento. Respecto da petición de “contemplarse a existencia de créditos en Prácticas académicas externas”, explica que o novo grao xa contempla prácticas académicas externas de modo voluntario mediante unha materia optativa de 4.5 créditos, que é como se ven facendo na Escola dende hai moitos anos e que na súa opinión funciona ben, e cre que establecer prácticas externas obrigatorias non é bo, por posibles problemas e circunstancias persoais do alumnado e a necesidade de asegurar un número de prácticas tan elevado e a ser posible remuneradas como agora. Respecto a que “resulta excesivo iniciar a nova titulación cunha oferta de 100 prazas” considera que non debe empregarse a media como estadístico representativo para analizar a evolución da demanda e amosa unha gráfica da evolución da matrícula nos últimos cursos. Ademais o número de prazas da Memoria mide a capacidade (persoal e material) que temos na Escola para atender correctamente aos estudantes, é polo tanto unha cota superior de prazas que podemos ofertar. Se posteriormente se queren ofertar máis prazas teríamos que solicitar unha modificación substancial da Memoria Verificada coas dificultades que isto supón. Tendo en conta ademais que nos grados actuais o número de prazas de novo ingreso das Memorias son 120 en GIOP e 80 en GTECIC. A postura da Dirección é non modificar estes dous puntos da Memoria e solicita a opinión da Xunta.

Diego Carro opina que as prácticas externas na Escola funcionan ben e considera que non é bo que sexan obrigatorias. A homoxeneización en toda a universidade neste aspecto implica dificultades moi diferentes en enxeñaría en comparación con outras titulacións.

Alfonso Orro considera que é mellor que as prácticas externas sexan voluntarias e que se deben expoñer máis argumentos ademais dos relativos ás dificultades organizativas, tal como buscar similitudes con outras Escolas. En canto ao número de prazas indica que nunca se deberían reducir as prazas, en todo caso aumentalas.

Luis Romera expón que as prácticas externas poden dar lugar a explotación laboral se son obrigatorias.

Margarita Novales argumenta que o RD/822 non obriga a que as prácticas académicas externas sexan obrigatorias, pero considera que deberíamos traballar

Código Seguro De Verificación	R3V5MQgPub4rqoXKdjv8Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:02
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:25
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R3V5MQgPub4rqoXKdjv8Cw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



nun plan B para non retrasar o procedemento. En canto ao número de prazas considera que no primeiro curso si se podería baixar o número ofertado e analizar a evolución da demanda.

Aitor Baldomir considera que deberíamos ofertar 100 prazas porque hoxe en día está indo xente á USC porque non conseguíu praza aquí.

Non habendo máis peticións de palabra, volve a intervir Luis Ramírez para preguntar á Xunta de Escola se se reafirma en que as prácticas académicas externas se oferten como unha materia optativa e en manter as 100 prazas de novo ingreso. Apróbase por asentimento manter a Memoria como está.

O director agradece a asistencia dos presentes e levanta a sesión.

A sesión extraordinaria da Xunta de Escola remata ás 13:04 h.

V.B
Luis Ramírez Palacios
Director

Ado.
Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico

Código Seguro De Verificación	R3V5MQgPub4rqoXKdjv8Cw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	18/12/2025 14:02:02
	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	18/12/2025 13:52:25
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/R3V5MQgPub4rqoXKdjv8Cw%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

